

O **Grupo Municipal do Partido Popular**, ao abeiro do Regulamento Orgánico Municipal, presenta, para a súa inclusión no Pleno, o seguinte **ROGO**:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O barrio do Meixonfrío padece, pola súa propia situación e polo incremento residencial, unha elevada densidade de tráfico que ten consecuencias no deterioro das vías e na necesidade de incrementar os escasos servizos de que dispón na actualidade.

O feito de soportar unha gran parte do tránsito cara ao polígono do Tambre, xunto coa proximidade das instalacións do mercado de gando de Amio e da superficie de Salgueiriños, fan que se incrementen por este motivo as necesidades da veciñanza, tal e como puidemos comprobar nunha recente reunión co representant^es da Asociación de Veciños local "Casa Agraria".


As demandas do barrio, que puidemos contrastar persoalmente, refírense á mellora nas principais rúas do barrio (Camiño dos Vilares, Grabanxa, Corgo, Salgueiriños de Arriba ou Fonte Mallou) e, de forma moi especial, a reparación da estrada N-550 que conecta a Praza de España co polígono do Tambre. Unha vía de gran densidade circulatoria que precisa de mellora, tanto para o tránsito de vehículos como para a seguridade peonil. Unha seguridade peonil que é preciso incrementar tamén en rúas como as de Tabaniscas, Mallou, Avenida do Cruceiro da Coruña, Queimada, Nogueira ou Tambre, dotándoas coas beirarrúas das que na actualidade carecen.

Xunto con estas melloras para o tránsito viario, a veciñanza reclama unha maior presenza da Policía Local que incremente a sensación de seguridade e disuada de posibles actos delitivos, como os que se teñen rexistrado nesta zona.

Conforme a estas demandas veciñais, que consideramos xustas e necesarias, o Grupo Municipal Popular, presenta o seguinte Rogo:

Que por parte do Goberno Municipal se proceda a realizar unha actuación integral de mellora das principais vías do barrio do Meixonfrío, coa dotación de beirarrúas e a iluminación onde se careza delas, incluíndo de forma especial o arranxo do firme e mellora de seguridade viaria na estrada N-550 desde a Praza de España ata o enlace de acceso ao Polígono do Tambre; e que se dean as instrucións precisas á Policía Local para intensificar a súa presenza nesta zona.

Santiago de Compostela, a 25 de novembro de 2015.



Asdo.: Agustín Hernández
Portavoz do Grupo Municipal Popular

Sr. Alcalde do Concello de Santiago de Compostela